

**ACTA NÚMERO: 18/2026**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 7 DE MAIO DE 2026.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 7 de maio de 2026 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaria.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa de Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 30 de abril de 2026 (Reunión 17/2026).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).
3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión desenvolvemento e execución do programa "Provincia Activa". (Expte.- 2025081416).
4. Proposta definitiva correspondente á avaliación inicial das empresas que presentaron a súa candidatura ao Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025013680).
5. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).
6. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á proposta avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 30 de abril de 2026 (Reunión 17/2026).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 30 de abril de 2026 (Reunión 17/2026).

**2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial nº 2026000910, de data 05/02/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 05/02/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto. Mediante Resolución Presidencial nº 2026001345, de data 19/02/2026, rectifícanse os pregos e reiniciase o prazo de presentación de ofertas.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión de data 12/03/2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres A, correspondentes coa documentación administrativa sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- GERALVEZ PROYECTOS CONTRAC, S.L. (B88404538)
- GONZALEZ HOGAR Y MODA, S.L. (B36252328)
- REDESS DESCANSO, S.L. (B14568497)
- COOMEX ACTIVO, S.L. (B13878624)
- GALERIAS CAMELLO MUEBLES, S.L. (B06157960)

A Mesa de Contratación na mesma reunión do día 12 de marzo de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliáveis mediante xuízos de valor, dando traslado das mesmas ó servizo de Centro Príncipe Felipe para a súa valoración.

Previamente á valoración das ofertas, compróbase que os prezos unitarios ofertados polo licitador COMEX ACTIVO, S.L. (B13878624), para os elementos nº4, nº13 e nº14, superan os prezos unitarios de licitación recollidos no prego de prescricións técnicas (PPT).

O servizo de Centro Príncipe Felipe emitiu o informe de valoración con data 08/04/2026, propoñendo a exclusión do procedemento da empresa GONZÁLEZ HOGAR Y MODA, S.L. (CIF:



B36252328), ao incluír información económica da súa oferta na proposta presentada no sobre “B”.

A Mesa de Contratación, na reunión de data 09/04/2026, presta a súa conformidade a dito informe e na mesma sesión, procede coa apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante fórmulas, das empresas admitidas, facultando ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP.

Feitas as valoracións, detéctase que a oferta formulada polo licitador GERALVEZ PROYECTOS CONTRACT, S.L. (B88404538) resulta anormalmente baixa en canto ao prezo, polo que foi requirida polo Secretario da mesa de contratación para que a xustificara e precisase as condicións das mesmas, en particular no referente ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxese para a execución do contrato (REX\_NOT2026008495, de data 15/04/2026)

Unha vez atendido o requirimento pola empresa (REX\_WEB2026035038, de data 22/04/2026), solicitouse o correspondente informe ó servizo de Centro Príncipe Felipe, o cal foi emitido con data 29/04/2026, concluíndo que a oferta estaba debidamente xustificada (CSV: G8OC01KCZ5NWUWYR)

Con data 04/05/2026 o Servizo de Contratación emite o correspondente informe sobre as puntuacións totais acadadas no procedemento, alcanzando o licitador GERALVEZ PROYECTOS CONTRACT, S.L. (B88404538) a máxima puntuación.

A Mesa acorda:

- 1) Propor ó órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa COMEX ACTIVO, S.L. (B13878624), por superar os prezos unitarios de licitación recollidos no PPT para os elementos nº4, nº13 e nº14.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas admitidas, que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADOR                         | PUNTUACIÓN    |
|----------|-----------------------------------|---------------|
| 1ª       | GERALVEZ PROYECTOS CONTRACT, S.L. | 87,000 puntos |
| 2ª       | GALERIAS CAMELLO MUEBLES, S.L.    | 40,254 puntos |
| 3ª       | REDESS DESCANSO, S.L.             | 36,008 puntos |



- 3) Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato á empresa GERALVEZ PROYECTOS CONTRACT, S.L. (B88404538), que acada a máxima puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento,

**3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión desenvolvemento e execución do programa “Provincia Activa”. (Expte.- 2025081416).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 26 de marzo de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa PROVINCIA ACTIVA 2026-2029”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data 27 de marzo de 2026, sendo publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 29 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 30-04-2026 procedeu á apertura electrónica e calificación do sobre “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentada polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599)
- Estudios Rafer SL ( CIF B27239136)
- Osventos Innovación en Servizos SL (CIF B70493275)
- Xestión Cultural Aurea SL (CIF B36394203)

A Mesa de Contratación na reunión do día 30 de abril de 2026 tamén procedeu a efectuar á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das citadas empresas. Os valores ofertados por ditas empresas foron os seguintes:

**-Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599)**

**1.- Prezo ofertado por obradoiro:**

|                         |                      |
|-------------------------|----------------------|
| Importe sen o IVE:      | 1.339,22 €/obradoiro |
| IVE (21 %):             | 281,24 €/obradoiro   |
| Importe total ofertado: | 1.620,46 €/obradoiro |



2.- Compromiso de impartir una taller por cada obradoiro sobre benestar emocional, dinámica de autocoidado, ferramentas de xestión emocional e interacción a través das emocións de 2 horas e media de duración.

SI ☒

NON ☐

3.- Compromiso de entregar a cada persoa participante dunha fotografía impresa en tamaño 10x15 en papel fotográfico e marco de cartón:

SI ☒

NON ☐

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

SI ☒

NON ☐

5.- Compromiso de entrega dun agasallo serigrafiado para cada persoa participante o día da clausura:

|                                                              |                                     |
|--------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| Entrega dun agasallo valorado en menos de 2,00 €             | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 2,00 € e ata 4,00 € | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 4,00 € e ata 6,00 € | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 6,00 €              | <input checked="" type="checkbox"/> |

#### -Estudios Rafer SL ( CIF B27239136)

1.- Prezo ofertado por obradoiro:

|                         |                      |
|-------------------------|----------------------|
| Importe sen o IVE:      | 1.355,00 €/obradoiro |
| IVE (21 %):             | 284,55 €/obradoiro   |
| Importe total ofertado: | 1.639,55 €/obradoiro |

2.- Compromiso de impartir una taller por cada obradoiro sobre benestar emocional, dinámica de autocoidado, ferramentas de xestión emocional e interacción a través das emocións de 2 horas e media de duración.



SI ☒

NON ☐

3.- Compromiso de entregar a cada persoa participante dunha fotografía impresa en tamaño 10x15 en papel fotográfico e marco de cartón:

SI ☒

NON ☐

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

SI ☒

NON ☐

5.- Compromiso de entrega dun agasallo serigrafiado para cada persoa participante o día da clausura:

|                                                              |                                     |
|--------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| Entrega dun agasallo valorado en menos de 2,00 €             | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 2,00 € e ata 4,00 € | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 4,00 € e ata 6,00 € | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 6,00 €              | <input checked="" type="checkbox"/> |

-Osventos Innovación en Servizos SL (CIF B70493275)

1.- Prezo ofertado por obradoiro:

|                         |                      |
|-------------------------|----------------------|
| Importe sen o IVE:      | 1.350,00 €/obradoiro |
| IVE (21 %):             | 283,50 €/obradoiro   |
| Importe total ofertado: | 1.633,50 €/obradoiro |

2.- Compromiso de impartir un taller por cada obradoiro sobre benestar emocional, dinámica de autocoidado, ferramentas de xestión emocional e interacción a través das emocións de 2 horas e media de duración.

SI ☒

NON ☐



3.- Compromiso de entregar a cada persoa participante dunha fotografía impresa en tamaño 10x15 en papel fotográfico e marco de cartón:

SI ☒

NON ☐

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

SI ☒

NON ☐

5.- Compromiso de entrega dun agasallo serigrafiado para cada persoa participante o día da clausura:

|                                                              |                                     |
|--------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| Entrega dun agasallo valorado en menos de 2,00 €             | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 2,00 € e ata 4,00 € | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 4,00 € e ata 6,00 € | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 6,00 €              | <input checked="" type="checkbox"/> |

Nota: marcar cun X a opción elixida.

#### -Xestión Cultural Aurea SL (CIF B36394203)

1.- Prezo ofertado por obradoiro:

|                         |                      |
|-------------------------|----------------------|
| Importe sen o IVE:      | 1.373,56 €/obradoiro |
| IVE (21 %):             | 288,45 €/obradoiro   |
| Importe total ofertado: | 1.662,01 €/obradoiro |

2.- Compromiso de impartir una taller por cada obradoiro sobre benestar emocional, dinámica de autocoidado, ferramentas de xestión emocional e interacción a través das emocións de 2 horas e media de duración.

SI ☐

NON ☒





3.- Compromiso de entregar a cada persoa participante dunha fotografía impresa en tamaño 10x15 en papel fotográfico e marco de cartón:

SI ☐

NON ☒

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

SI ☐

NON ☒

5.- Compromiso de entrega dun agasallo serigrafiado para cada persoa participante o día da clausura:

.

|                                                              |                                     |
|--------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| Entrega dun agasallo valorado en menos de 2,00 €             | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 2,00 € e ata 4,00 € | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 4,00 € e ata 6,00 € | <input type="checkbox"/>            |
| Entrega dun agasallo valorado en máis de 6,00 €              | <input checked="" type="checkbox"/> |

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións correspondentes aos criterios avaliados automaticamente son as seguintes:

| Empresas                             | Prezo | Compromiso taller | Compromiso fotografía | Disposicion etiqueta papel | Compromiso agasallo | Total (Máx 100 ptos) |
|--------------------------------------|-------|-------------------|-----------------------|----------------------------|---------------------|----------------------|
| Ebone Servicios Educacion Deporte SL | 5,875 | 25,00             | 10,00                 | 5,00                       | 20,00               | 65,875               |
| Os ventos Innovacion en servizos SL  | 4,203 | 25,00             | 10,00                 | 5,00                       | 20,00               | 64,203               |
| Estudios Rafer SL                    | 3,412 | 25,00             | 10,00                 | 5,00                       | 20,00               | 63,412               |
| Xestion Cultural Aurea SL            | 0,00  | 0,00              | 0,00                  | 0,00                       | 0,00                | 0,00                 |

A Mesa de contratación acorda:

1.-Aprobar a clasificación das ofertas que queda da seguinte forma:





| Clasificación | Empresas                             | Total<br>(Máx 100 ptos) |
|---------------|--------------------------------------|-------------------------|
| 1ª            | Ebone Servicios Educacion Deporte SL | 65,875                  |
| 2ª            | Os ventos Innovacion en servizos SL  | 64,203                  |
| 3ª            | Estudios Rafer SL                    | 63,412                  |
| 4ª            | Xestion Cultural Aurea SL            | 0,00                    |

2.- Propor ó órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, a empresa Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599) polos prezos e valores ofertados.

**4. Proposta definitiva correspondente á avaliación inicial das empresas que presentaron a súa candidatura ao Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025013680).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2026, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 20 de marzo de 2026, sendo publicado o día 23 de marzo de 2026 (Número de publicación do anuncio 197830-2026; número da edición do DO S: 57/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de marzo de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

As empresas que presentan as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:

1. Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037), categoría 1
2. Alejandro Méndez Martínez ( Aeme Soluciones Gráficas) (CIF: 53114088G), categoría 1 e 2
3. Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009), categoría 1
4. Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W), categoría 1
5. Dibay Eventos S.L.U. (CIF: B94196276), categoría 1 e 2
6. Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278), categoría 1 e 2
7. Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF: A36751287), categoría 1



8. Eurocebrían S.L. (CIF: B97199806), categoría 1 e 2
9. Exclusivas Medina S.L. (CIF: B36785442), categoría 1
10. Gallega de Publicidad y Merchandising S.L. (CIF: B10822948), categoría 1
11. Giveitaway S.L. (CIF: B55581482), categoría 1
12. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830), categoría 1 e 2
13. Imagination Azul S.L. (CIF: B37564002), categoría 2
14. Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S), categoría 1
15. Ovejero Sequeiro, S.L. (CIF: B10407096), categoría 1 e 2
16. Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493), categoría 1
17. Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988), categoría 1
18. Seritec S.L. (CIF: B32008377), categoría 1 e 2
19. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152), categoría 1 e 2

A Mesa de Contratación, na sesión do 23 de abril de 2026, unha vez analizada a documentación presentada polas empresas licitadoras no marco do procedemento de avaliación das candidaturas previsto no prego, observou a existencia de defectos emendables na acreditación dos requisitos de solvencia e, en consecuencia, acordou facultar ao Secretario da mesma para efectuar os correspondentes requirimentos de emenda ás empresas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para a presentación da documentación necesaria.

Unha vez transcorrido o prazo concedido para a emenda da documentación e examinada a documentación achegada polas empresas requiridas, a Mesa constata o seguinte:

1. **Alejandro Méndez Martínez (CIF: 53114088G).** Para xustificar a solvencia técnica achega unha relación de subministracións realizadas, sen acompañar a documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Ademais, os importes dos contratos relacionados resultan insuficientes para acadar o limiar mínimo esixido nos pregos.
2. **Dibay Eventos S.L.U. (CIF: B94196276):**
  - a. En relación coa solvencia económica e financeira, presenta o modelo 390, no que non consta o volume de operacións, impedindo a súa verificación.
  - b. Respecto da solvencia técnica, achega unha relación das subministracións realizadas; non obstante, esta non se acompaña da documentación acreditativa necesaria para a súa verificación. Así mesmo, a devandita relación non aparece desagregada por categorías, tal e como se esixe nos pregos.
3. **Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278).** Acredita correctamente a solvencia técnica para a categoría 1. Non obstante, para a categoría 2 achega



documentación correspondente ao ano 2019, fóra do período dos tres últimos anos esixido.

4. **Ovejero Sequeiro, S.L. (CIF: B10407096).** Co fin de xustificar a solvencia técnica achega unha relación das subministracións realizadas e unha serie de certificados, pero que resultan insuficientes para acadar o limiar mínimo esixido nos pregos.
5. O resto das empresas requiridas acreditan correctamente os requisitos de solvencia esixidos.

Por outra banda, de conformidade co establecido na cláusula 6.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, e tendo en conta o carácter aberto do Sistema Dinámico de Adquisición, a empresa Laduda Publicidad S.L. (CIF: B93521334) presentou solicitude de adhesión á categoría 1 en data 22/04/2026, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos.

Á vista do anterior, a Mesa de Contratación acorda:

1. Non admitir ás empresas e empresarios, Alejandro Méndez Martínez (CIF: 53114088G), Dibay Eventos S.L.U. (CIF: B94196276) e Ovejero Sequeiro, S.L. (CIF: B10407096), por non cumprir os criterios de selección establecidos no prego.
2. Non admitir á empresa Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278) na categoría 2, mantendo a súa admisión na categoría 1, por non cumprir os criterios de selección establecidos para a devandita categoría.
3. Seleccionar ás seguintes empresas, ao teren acreditado o cumprimento dos criterios de selección establecidos no prego, e propoñer ao órgano de contratación a súa admisión nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación das subministracións de publicidade, merchandising e premios para as actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra:
  1. Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037), categoría 1
  2. Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009), categoría 1
  3. Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W), categoría 1
  4. Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278), categoría 1
  5. Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF: A36751287), categoría 1
  6. Eurocebrian S.L. (CIF: B97199806), categoría 1 e 2
  7. Exclusivas Medina S.L. (CIF: B36785442), categoría 1
  8. Gallega de Publicidad y Merchandising S.L. (CIF: B10822948), categoría 1
  9. Giveitaway S.L. (CIF: B55581482), categoría 1



10. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830), categoría 1 e 2
  11. Imagination Azul S.L. (CIF: B37564002), categoría 2
  12. Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S), categoría 1
  13. Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493), categoría 1
  14. Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988), categoría 1
  15. Seritec S.L. (CIF: B32008377), categoría 1 e 2
  16. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152), categoría 1 e 2
4. No caso de que a Xunta de Goberno acepte a proposta que figura no apartado anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

#### **Categoría 1: Material de publicidade**

1. Alma Mater, S.L. (CIF: B36837037)
2. Artes Gráficas Lumeira S.L.L. (CIF: B56318009)
3. Carmen Díaz Paricio (CIF: 02612089W)
4. Diseño y Publicidad del Sur S.L.U. (CIF: B23315278)
5. Ediciones y Producciones Empresariales, S.A.U. (CIF: A36751287)
6. Eurocebian S.L. (CIF: B97199806)
7. Exclusivas Medina S.L. (CIF: B36785442)
8. Gallega de Publicidad y Merchandising S.L. (CIF: B10822948)
9. Giveitaway S.L. (CIF: B55581482)
10. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
11. Laduda Publicidad S.L. (CIF: B93521334)
12. Margarita Caeiro Paz (CIF: 44084253S)
13. Publiprinters Global S.L. (CIF: B23739493)
14. Serilua Merchandising S.L. (CIF: B70519988)
15. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
16. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)

#### **Categoría 2: Trofeos e medallas**

1. Eurocebian S.L. (CIF: B97199806)
2. Grañeda, S.A. (CIF: A47213830)
3. Imagination Azul S.L. (CIF: B37564002)
4. Seritec S.L. (CIF: B32008377)
5. Tu Agenda Comercial, S.L. (CIF: B70307152)



**5. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 1 de abril de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 7 de abril de 2026, sendo publicado o día 8 de abril de 2026 (Número de publicación do anuncio 237920-2026; número da edición do DO S: 68/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de abril de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación de proposicións, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

1. Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995)
2. Quavitae Servicios Asistenciales SAU (CIF: A80106842)

**6. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á proposta avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2025054733).***

A Mesa de Contratación, na reunión do 7 de maio de 2026, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a



contratación do “*Servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*”, acordando admitir ás seguinte empresas:

1. Ilunion Sociosanitario SA (CIF: A82438995)
2. Quavita e Servicios Asistenciales SAU (CIF: A80106842)

O Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas ao persoal técnico do Servizo de Benestar Social, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dezaséis minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

